Votase a proposta de tarifas de inscricións e queda aprobada con 15 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións. A asemblea aproba fechar a inscrición en prazo dos CG 7 días antes da proba.

**DEREITOS DE INSCRICIÓN CTOS. GALEGOS 2025**

MX/SX/CX	PRAZO	1º recargo	2º recargo	
MX1-SX1-Q1	55 €	65 €	110 €	
MX2-SX2-Q2	55 €	65 €	110 €	
MX85-SX85	40 €	50 €	80 €	
MXSX65 MXSX50	40 €	50 €	80 €	
MX+36-SX+36	55 €	65 €	110 €	
MX-AFECCIONADOS	55 €	65 €	110 €	

END	PRAZO	1º recargo	2º recargo	
Mesmas categorías co CEE	1D – 70€	80 €	140 €	
	2D – 130€	140 €	260 €	
INFANTIL	35 €	45 €	70 €	

TR	PRAZO	1º recargo	2º recargo	
TR1	39 €	49 €	78 €	
TR2	39 €	49 €	78 €	
TR3	39 €	49 €	78 €	
TR4	39 €	49 €	78 €	
TR5	39 €	49 €	78 €	
ALEVIN	31 €	41 €	62 €	

VEL	PRAZO	1º recargo	2º recargo	
SCOO – PIT – MINIMOTO	55 €	65 €	110 €	
CLASICAS	55 €	65 €	110 €	
SBK – CRITERIUM	55 €	65 €	110 €	
MINIVELOCIDADE INF	35 €	45 €	70 €	
MINIMOTOS INF.	29 €	39 €	58 €	

As inscricións e o pago dos dereitos correspondentes deberán efectuarse a través da zona privada de federado na web da FGM [www.fgmoto.org](http://www.fgmoto.org).

1. En prazo: ata as 23:59 horas do domingo anterior (ou 7 días se non é fin de semana).

2. Fora de prazo: ata as 10:00 horas do venres anterior ao día da proba. Estas inscricións terán un recargo. A inscrición no circuito o día da proba leva dereitos dobres. Os dereitos dobres cobrados no día da proba considéranse unha penalización. A FGM facturará aos clubs organizadores os dereitos dobres cobrados no día.

No caso de non poder asistir a unha competición deberá ser comunicado na FGM ata o venres ás 13,00 h. anterior ao día da celebración da competición. Para ter dereito a devolución dos dereitos, deberá facerse vía correo electrónico a [inscricions@fgmoto.org](mailto:inscricions@fgmoto.org).

O importe das inscricións leva incluído o importe dun euro (1,00 €) de compensación polo gasto derivado da xestión telemática das inscricións e o seu pago.

Nas competicións cronometradas con transponders da FGM, o importe da inscrición leva incluída a compensación económica de tres euros (3,00 €) destinada a creación dun fondo para reposición e renovación de transponders.

Na páxina 49 presentase a proposta de tarifas de dereitos de proba aprobada pola CD. A proposta é ratificada pola asemblea de forma unanime. Aprobáanse as tarifas de dereitos para os Campionatos Galegos, Ctos. Do Mundo, Ctos de España e probas soltas.



### Tarifas Aprobación regulamentos 2025

#### CTOS. GALEGOS

MODALIDADE	
SUPER CROSS	195 €
MOTO CROSS	195 €
ENDURO – HARD ENDURO – CROSS COUNTRY	142 €
VELOCIDADE	170 €
TRIAL	142 €
QUADS CROSS	195 €
MOTOTURISMO e CONCENTRACIÓNS	90 €

#### CTOS. ESPAÑA

+ 15% sobre a tarifa rfme

#### CTOS. MUNDO

MODALIDADE	
MOTO CROSS	6.000 €
ENDURO – HARD ENDURO	2.000 €
VELOCIDADE – SUPERMOTO	2.000 €
TRIAL	2.000 €

Resto especialidades FIM/FIM-EU +15% sobre a tarifa rfme/fim

#### OUTRAS PROBAS

PROBAS CON DESPACHO DE BILLETES (SX e TRIAL INDOORS, FREE STYLE, ETC) (10 PRIMEIROS CTO. ESPAÑA OU INTERNACIONAIS)	2.323 €
SX NACIONAL OU REXIONAL	195 €
TRIAL INDOOR NACIONAL OU REX	195 €
DIRT TRACK - SUPERMOTARD	195 €
ENDURO INDOOR	195 €
OUTRAS PROBAS NON CALENDADAS	DEREITOS DOBRES



## **PRESENTASE O REGULAMENTO DE LICENZAS 2025 PARA APROBACIÓN.**

O secretario informa que por indicacións da Xunta adaptouse o regulamento de licenzas ao borrador facilitado pola SXD. Esta proposta xa foi aprobada en reunión da Comisión Delegada (CD) ceelbrada o 27/12/2024 e presentase á asemblea para súa ratificación.

### **REGULAMENTO DE LICENZAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE MOTOCICLISMO (FGM)**

#### **Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.**

1.- O presente regulamento de licenzas é unha norma interna da Federación Galega de Motociclismo (FGM), xerarquicamente subordinado aos Estatutos da mesma, ao que se refire o artigo 5.1.h) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.

2.- O ámbito obxectivo e subxectivo de aplicación desta norma contráese á actividade propia da Federación Galega de Motociclismo e ás persoas integradas na mesma.

3.- Esta norma ten por obxecto a regulación das licenzas da Federación Galega de Motociclismo

4.- *Esta norma estará en vigor desde a tempada 2025 inclusive, en tanto non sexa modificada ou derogada por outra posterior.*

#### **Artigo 2.- Natureza, efectos e finalidade das licenzas.**

1.- A licenza federativa é o documento de carácter persoal e intransferible que outorga aos seus titulares a condición de membros rexistrados da Federación Galega de Motociclismo a través dos distintos estamentos.

2.- A obtención da licenza federativa comportará para o seu titular a aplicación dos seguintes dereitos e deberes previstos nos Estatutos federativos para os membros dos correspondentes estamentos:

*1. A integración na FEDERACION producirase mediante a expedición por parte desta da correspondente licenza federativa ou documento de afiliación ou inscrición. Dita expedición será acordada pola Xunta Directiva da Federación.*

*En todo caso, para a participación en actividades ou competicións deportivas oficiais de ámbito autonómico será preciso estar en posesión da licenza ou documento de afiliación expedido pola FEDERACION.*

*O titular de licenza comprométese a respectar e acatar os estatutos e os regulamentos da Federación Galega e das Federacións nas que esta está integrada.*

*2. A solicitude de licenza deberá ser respondida no prazo de dez días. A Xunta Directiva da FGM debe asegurarse da identidade e nacionalidade do solicitante, da súa idade, saúde e aptitude para tomar parte en competicións motociclistas correspondentes á categoría da licenza solicitada. Así mesmo, verificará que non se atopa privado do seu exercicio, descualificado ou inhabilitado. Só poderá denegarse a licenza de forma escrita e motivada cando se incumpran os requisitos establecidos para a súa expedición.*

*3. O titular dunha licenza tramitada e expedida pola Federación Galega de Motociclismo non poderá solicitar expedición doutra licenza a través de diferente federación motociclista autonómica durante a mesma tempada.*

*Poderá concederse licenza federativa, calquera que sexa a nacionalidade do solicitante e respectando a lexislación vixente para cidadáns da Unión Europea, a quen teña residencia en Galicia e non posúa licenza doutra federación motociclista nacional ou autonómica. Quen sendo titular de licenza pola FGM obteña outra licenza por outra federación nacional ou autonómica deberá optar no prazo de dez días e se non o fai entenderase que renuncia á súa licenza da FGM. O anterior non será aplicable ás licenzas da Federación Española de Motociclismo, que serán sempre compatibles coas da Federación Galega.*

*4. Os menores de idade deberán acompañar á súa solicitude a correspondente autorización de menores, subscripta polo pai, nai ou titor. Nela autorizará ao menor para participar en competicións motociclistas asumindo a responsabilidade que se puidese derivar da súa participación nestas.*

*5. As persoas con minusvalías físicas deberán entregar, xunto coa solicitude de licenza, dous certificados de diferentes médicos especialistas en medicina deportiva nas que se ditaminará a súa aptitude para participar en competicións motociclistas.*

*6. Establécense as seguintes clases de LICENZAS:*

*Licenza de piloto  
Licencia de pasaxeiro  
Licencia de cargo oficial  
Licenza de escuadra motociclista  
Licenza de concursante  
Licencia de construtor  
Licencia publicitaria deportiva  
Licenza publicitaria extra-deportiva  
Licenza non competitiva*

*Os prezos das licenzas serán establecidos pola Asemblea Xeral da FGM, así como as categorías e idades das licenzas de piloto.*

*Así mesmo, establécense as seguintes acreditacións:*

*Acreditación de mecánico  
Acreditación de comisario de servizos  
Acreditación de titor de menores  
Acreditación de mochileiro*

*Reglamentariamente régúlase o contido de cada clase de licenza e acreditación.*

3.- Para a participación en actividades ou competicións oficiais da Federación Galega de Motociclismo precísase estar en posesión de licenza federativa expedida por esta.

4.- Así mesmo, as licenzas expedidas pola Federación Galega de Motociclismo habilitarán aos seus titulares para participar en competicións oficiais de ámbito territorial superior nos casos e condicións que estableza a correspondente normativa da Federación Española de Motociclismo.

### **Artigo 3.- Clases de licenzas polo seu obxecto.**

No seo da Federación Galega de Motociclismo existirán as seguintes licenzas en función do seu obxecto:

a) Licenzas de carácter competitivo: son as que habilitan para participar en competicións oficiais. (*Se procede*) Á súa vez, divídense en:

I. **Autonómica:** aquelas que única e exclusivamente habilitan para participar en competicións oficiais da Federación Galega de Motociclismo.

II. **Homologada RFME:** aquelas que habilitan para participar en competicións oficiais da Federación Galega de Motociclismo e, ademais, nas competicións de ámbito territorial superior conforme á normativa federativa correspondente.

b) Licenzas de carácter recreativo: Licenza social ou adestramentos son as que habilitan para participar noutro tipo de actividades deportivas, de carácter non competitivo, organizadas pola Federación Galega de Motociclismo.

### **Artigo 4.- Clases de licenzas por estamentos.**

1.- As licenzas federativas poderán corresponder aos seguintes estamentos:

- a) Entidades deportivas/Clubs.
- b) Deportistas, Mochileiros, Mecánicos.
- c) Xuíces-árbitros: Director Competición, Comisario Deportivo, árbitro.
- d) Técnicos: Cronometrador, Comisario Técnico.

#### **Artigo 5.- Prohibicións e incompatibilidades.**

1.- Non poderá expedirse licenza a favor de quen estea cumprindo calquera sanción disciplinaria ou penal de privación de licenza, ou inhabilitación para o desempeño das actividades que permita a licenza solicitada, así como aos sancionados por dopaxe en virtude do disposto pola súa lexislación específica. Os sancionados con suspensión de licenza poderán renovar ou obter nova licenza en calquera momento, sen prexuízo de non poder desenvolver as actividades en cuestión ata o total cumprimento da sanción correspondente.

2.- Non se emitirá licenza a persoa algunha que teña licenza federativa en vigor expedida por outra federación autonómica de Motociclismo ou pola federación doutro Estado da mesma modalidade.

#### **Artigo 6.- Estranxeiros.**

1.- Poderán obter licenza (*da clase que sexa*) residentes comunitarios e os estranxeiros non comunitarios con residencia legal, acreditada, en España.

2.- Tratándose de menores de idade, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos que en cada momento poida establecer a Federación Internacional de Motociclismo para a protección dos menores, para obter licenza bastará coa acreditación do seu empadramento nun municipio do Estado dentro dos tres meses anteriores á solicitude.

#### **Artigo 7.- Clases de licenzas pola súa duración**

En función da duración da vixencia das licenzas estas pódense clasificar en:

a) Ordinaria: son aquelas que se expiden polo que reste de tempada deportiva. Caducan o 31 de decembro do ano de expedición.

b) De día: son aquelas que se expiden para a participación nunha determinada competición de duración non superior a 3 días.

#### **Artigo 8.- Licenzas de entidades deportivas.**

Poderán obter licenza de entidade deportiva aqueles clubs ou seccións deportivas debidamente rexistrados para a práctica do Motociclismo no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.

Os clubs interesados en darse de alta na FGM deberán enviar o impreso de solicitude facilitado pola FGM acompañado da seguinte documentación: Estatutos, acta fundacional, relación da xunta directiva e carta do rexistro de entidades deportivas onde notifican a alta e número de rexistro. Xunto con esta

documentación deben remitir comprobante de pago das taxas en vigor en concepto de alta FGM.

O club pode solicitar o alta á federación española (rfme) nas condicións que a rfme estableza. Os clubs afiliados á rfme que non teñan pagada a cota establecida pola rfme a 31 de decembro da tempada finalizada será dado de baixa ante a rfme na seguinte tempada.

O alta na FGM renovarase cada ano ao pagar a factura da cota anual que se estableza na asemblea. Os clubs que non queiran renovar a licenza deberán comunicalo por escrito en calquera momento da tempada vixente e non se lle pasará a factura da seguinte tempada. Se o club non envía a solicitude de baixa á FGM, esta emitirá a correspondente factura no comezo da seguinte tempada. Os clubs que non teñan pagada a licenza da tempada en vigor serán dados de baixa a 31 de decembro e non poderán facer ningún tipo de trámite na FGM na seguinte temporada. Os federados non poderán sacar licenza nin facer trámites por ese club.

## **Artigo 9.- Licenzas de deportistas.**

A licenza Homologada é a única válida para participar en Campionatos de España (CE) e en todo territorio nacional en probas e adestramentos federados. Inclúe a licenza galega. É tamén válida para participar en Campionatos Galegos (CG).

A licenza Galega é válida para participar en Campionatos Galegos. Pódese ampliar a homologada RFME pagando a diferenza de prezo.

A licenza Social é válida para probas sociais de carácter rexional e adestramentos comunicados en zona privada. Non válida para os CG ou CE.

A licenza Xogade Infantil (Alevín, Xuvenil e Cadete) é válida para participar en probas celebradas en Galicia, puntúa para os CG, non é válida fora de Galicia. Só para residentes en Galicia.

Todas as licenzas deberán ser tramitadas có boletín de solicitude cuberto e selado polo moto club que a tramita, acompañada da fotocopia do DNI ou carné de conducir. Cando se tramiten de forma telemática a documentación requirida deberá enviarse por correo-e.

### **Categorías de Licenza:**

#### **Licenza Categoría "SÉNIOR":**

Expedirase previa cumprimentación dos trámites regulamentarios, aos pilotos que a soliciten despois de estar un ano en posesión de Licenza Júnior, ou aqueles pilotos que estiveron en posesión da licenza Júnior 3 anos.

#### **Licenza Categoría "JÚNIOR":**

Expedirase previa cumprimentación dos trámites regulamentarios, aos pilotos a partir de 15 anos cumpridos. Os menores de 18 anos deberán presentar obrigatoriamente AUTORIZACIÓN DE MENORES, a licenza Júnior poderase sacar un máximo de tres anos.

#### **Licenza Categoría "VETERANO":**

Expedirase previa cumprimentación dos trámites regulamentarios aos pilotos que cumpran as idades regulamentarias da categoría na que compiten.

Os maiores de 55 anos deberán presentar certificado médico.

**Licenza Categoría CADETE-XUVENIL-ALEVÍN:**

Expedirase, previa cumprimentación dos trámites regulamentarios aos pilotos que a soliciten, previa presentación do Certificado Médico de aptitude física e autorización paterna por escrito e coa sinatura recoñecida. Obrigatorio estar en posesión de DNI.

Os pilotos con licenza Cadete, Xuvenil e Alevín terán limitada a súa participación a competicións que se celebren en circuítos fechados e que sexan exclusivas para a súa categoría.

Tódolos pilotos destas categorías deberán presentar coa súa licenza obrigatoriamente a AUTORIZACIÓN DE MENORES asinada polo pai e nai:

CATEGORÍA **CADETE**: Dos 14 aos 15 anos. (Non ano que cumpren 16 teñen que sacar a Júnior)

CATEGORÍA **XUVENIL**: Desde os 11 aos 13 anos.

CATEGORÍA **ALEVÍN**: Desde os 6 anos ata os 11. (Obrigatorio ter 6 anos cumpridos)

**ACREDITACIÓN INFANTIL**: Desde os 4 ata os 6 anos. (NON COMPETITIVA)

**Licenza "UNHA COMPETICIÓN":**

Expedirase aos pilotos que a soliciten, cos mesmos requisitos anteriores para cada categoría e só será válida para unha competición. Pódese establecer un máximo de trámites por ano que será reflexado no regulamento da Especialidade.

**TRÁMITES INTERNACIONAIS DE LICENZA.** As licenzas internacionais tramítanse directamente na RFME. Antes de facer calquera trámite internacional hai que ter tramitada a licenza homologada RFME.

Todos os pilotos que non teñan carné de conducir deberan presentar certificado médico de aptitude física e fotocopia do DNI, só poderán participar en probas celebradas en circuíto fechado.

Na fin de semana que haxa unha proba ou adestramento non federado nun circuíto, zona, percorrido etc non se poderá activar o seguro de adestramentos para ese circuíto ou zona.

**Artigo 10.- Licenzas de adestradores-técnicos.**

1. As licenzas de adestradores-técnicos divídense nas seguintes categorías de acordo coa súa titulación:

a) Adestrador: precisarase a titulación adestrador.

2. Tratándose de adestradores-técnicos cuxa actividade implique contacto habitual con menores de idade, deberán acreditar non ser condenados por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual,

mediante certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais que deberá achegarse á Federación Galega de Motociclismo xunto coa súa solicitude de licenza.

#### **Artigo 11.- Licenzas de xuíces-árbitros e técnicos.**

As licenzas de xuíces-árbitros divídense nas seguintes categorías de acordo coa súa titulación:

- a) *Director competición*: precisarase a titulación Director
- b) *Árbitro*: precisarase a titulación Comisario Deportivo.
- c) *Comisario Deportivo/Xurado*: precisarase a titulación Comisario  
Deportivo.
- d) *Comisario Técnico*: precisarase a titulación de Técnico.
- e) *Cronometrador*: precisarase a titulación Cronometrador.

#### **Artigo 12.- Aseguramento de accidentes deportivos.**

1.- A expedición de calquera licenza federativa leva consigo a obriga de subscribir un seguro que garanta a cobertura de indemnización para os supostos de perdas anatómicas ou funcionais ou de falecemento, así como a asistencia sanitaria, derivados de accidente deportivo, nos termos establecidos na normativa vixente da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- O dito seguro será subscrito pola Federación Galega de Motociclismo en condición de tomador, sendo o titular da licenza o asegurado.

#### **Artigo 13.- Recoñecemento médico previo.**

1.- Para a expedición de licenza de deportista esíxese o sometemento a un recoñecemento médico que determine a inexistencia de contraindicacións para a práctica do Motociclismo.

2.- O contido mínimo do referido recoñecemento médico previo á tramitación da licenza de deportista deberá recoller expresamente “apto para a practica deportiva”.

3.- Están exonerados do recoñecemento médico aqueles deportistas que teñan carné de conducir.

#### **Artigo 14.- Función de expedición de licenzas.**

- 1.- A Federación Galega de Motociclismo, na súa condición de entidade que exerce a función pública delegada de expedición de licenzas, de carácter administrativo, é competente en réxime de exclusividade para expedir e tramitar licenzas federativas de Motociclismo na Comunidade Autónoma de Galicia, baixo a tutela da Administración deportiva autonómica.
- 2.- A Federación Galega de Motociclismo exercerá a función de expedición de licenzas federativas de forma directa, sen que esta poida ser obxecto de delegación ou exercicio de substitución sen a autorización da Administración deportiva autonómica.
- 3.- A expedición de licenzas federativas ten carácter regrado, non podendo denegarse a licenza a canta persoa solicitante reúna as condicións necesarias para a súa obtención.
- 4.- A Federación Galega de Motociclismo informará a calquera persoa interesada sobre os requisitos necesarios para a obtención dos seus distintos tipos de licenzas.

#### **Artigo 15.- Tramitación e emisión de licenzas.**

- 1.- As solicitudes de licenza deberán ser obrigatoriamente formuladas *polo club ao que se vincule, polo interesado ou os seus representantes legais* a través dos modelos específicos establecidos pola Federación Galega de Motociclismo achegando os documentos preceptivos indicados nos devanditos modelos para cada tipo de solicitude, que serán de acceso libre a través da páxina web da federación.
- 2.- O prazo de solicitude de licenzas para cada tempada iníciase o 1 de xaneiro e conclúe o 31 de decembro.  
  
*En caso de existir prazos distintos para cada estamento, deberán especificarse por separado.*
- 3.- As solicitudes de licenzas presentadas por entidades deportivas deberán selo obrigatoriamente por medios electrónicos.
- 4.- As solicitudes de licenzas para menores de idade deberán ser subscritas polos proxenitores, titores ou institución que exerzan a súa representación legal.
- 5.- A tramitación das solicitudes compételle ao Departamento de Licenzas, ao persoal laboral federativo, ao Secretario da Federación Galega de Motociclismo.
- 6.- Calquera solicitude que adoecece da falta dalgún requisito emendable, dará lugar ao requirimento ao interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Se o interesado non



emendase os defectos advertidos no referido prazo, teráselle por desistido da súa solicitude.

7.- A resolución sobre concesión ou denegación de licenzas compételle *ao Presidente da Federación Motociclismo*.

8.- As licenzas deberán ser emitidas e postas ao dispor do solicitante ou, no seu caso, denegadas motivadamente, no prazo máximo dun (1) mes a contar desde o seguinte á entrada na Federación da solicitude debidamente formalizada.

9.- O cómputo do prazo referido no apartado anterior suspenderase polo tempo que medie, no seu caso, entre o requirimento de corrección de defectos e o seu efectivo cumprimento polo interesado.

10.- Calquera solicitude de licenza entenderase outorgada por silencio positivo, se non se notifica resolución expresa no prazo máximo indicado no apartado oitavo do presente artigo.

11.- Contra a denegación expresa da licenza solicitada ou contra a denegación da entrega do documento xustificativo da obtención de licenza por silencio positivo, caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, nos termos da súa propia normativa.

#### **Artigo 16.- Licenzas nulas.**

1.- Serán causa de anulación das licenzas concedidas:

- a) A falsidade nos datos facilitados para a súa obtención.
- b) *Incorrer en duplicidade de licenza, vinculándose a máis dun club, nese caso será anulada a licenza máis recente.*
- c) *Incorrer en incompatibilidade entre dúas ou máis licenzas de acordo co previsto no presente regulamento.*
- d) *No caso de licenzas outorgadas por silencio positivo, e sempre que a Federación estime que non se reúne algún dos requisitos esenciais para obtela, antes de resolver sobre a súa anulación outorgaráselle á persoa licenciada un prazo de 30 días para dar cumprimento ao requisito que non reunía.*

2.- O procedemento de anulación de licenzas poderá iniciarse de oficio ou por denuncia e na súa tramitación que lle compete a *ao persoal laboral federativo, ao Secretario da Federación Galega de Motociclismo*. Deberá garantirse a audiencia da persoa interesada por un período de dez (10) días hábiles.

3.- A resolución anulando ou mantendo a validez da licenza compételle *ao Secretario e ao Presidente da Federación Galega de Motociclismo* e fronte á mesma caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, nos termos da súa propia normativa.

#### **Artigo 17.- Protección de datos persoais.**

1.- A recollida, tratamento, cesión e calquera acto análogo respecto dos datos persoais das licenzas federativas, axustarase ás disposicións vixentes en materia de protección de datos de carácter persoal.

2.- A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais achegados coas solicitudes de licenzas de persoas físicas é a de tramitar e xestionar as licenzas federativas e habilitar a participación de tales persoas nas actividades federadas.

3.- Os datos obtidos unicamente serán cedidos e transferidos a entidades e organismos imprescindibles para poder levar a cabo as finalidades derivadas do exercicio das facultades inherentes á licenza durante o tempo en que o interesado permaneza integrado na organización federada, coas garantías establecidas na normativa en materia de protección de datos e sen prexuízo dos dereitos que lle asistan nesta materia.

#### **Artigo 18.- Importe das licenzas.**

1.- O importe das licenzas será o fixado para cada tempada pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Motociclismo para cada especialidade, estamento ou categoría, segundo se recolle no Anexo I ao presente regulamento.

2.- No caso de que calquera importe fose anulado por acto administrativo ou resolución xudicial entenderase aplicable o anterior importe en vigor para o devandito tipo de licenza.

#### **Artigo 19.- Soporte e contido das licenzas.**

1.- As licenzas federativas emitiranse en soporte dixital, descarga pdf na zona privada de federado.

2.- O formato das licenzas federativas é o recollido no Anexo II do presente regulamento.

3.- No documento da licenza, ademais dos conceptos económicos que resulten obrigatorios no caso das licenzas que permitan a participación en ámbitos superiores ao autonómico, deberán consignarse claramente, como mínimo, os seguintes datos:

a) O selo, logotipo e denominación da Federación Galega de Motociclismo e da Xunta de Galicia

b) Duración da licenza.

c) Nome e apelidos da persoa titular.

d) Data de nacemento da persoa titular.

e) Especialidade deportiva.

f) *No seu caso*, entidade deportiva á cal se vincula o titular durante o período de duración da licenza.

g) Categoría/estamento.

h) Dereitos federativos. Este contido poderá ser substituído pola súa remisión mediante ligazón ao desenvolto con máis extensión en determinado apartado da páxina web federativa.

i) Identificación da Compañía Aseguradora e teléfono de atención e emerxencias.

k) Número de póliza para a declaración do accidente deportivo, no seu caso.

4.- As licenzas que habiliten para a participación en actividades ou competicións de ámbito estatal deberán reflectir polo menos en lingua española os datos correspondentes.

#### **Disposición Final.- Entrada en vigor.**

O presente regulamento entrará en vigor a partir da súa aprobación pola Administración deportiva autonómica, tal e como se establece na Instrución do 10 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral para o Deporte, para a remisión dos regulamentos de licenzas das federacións deportivas galegas (DOG núm.33, do 18 de febreiro de 2021). O regulamento entenderase aprobado, se no prazo dun (1) mes a Administración deportiva autonómica non notificase a correspondente resolución de aprobación.


#### **Anexo I: Tarifas**

As tarifas de licenzas serán actualizadas anualmente en función da subida do IPC e do seguro de accidentes deportivos. As tarifas serán aprobadas pola asemblea xeral da FGM e poderán consultarse na web da federación.

#### **Anexo II: Deseño licenzas:**

O deseño da licenza será actualizado para cada tempada en función da normativa vixente e do protocolo de accidente deportivo.

#### **Deseños 2025:**



Aprobado o texto por unanimidade. O regulamento enviase ao rexistro e colgase na web.



## **Propostas de cambios nos regulamentos CG2025.**

### **CG Mototurismo:**

Debatese a proposta de Trexos para que as probas de Mototurismo non teñan tantos empatas. O mc Papaya propón facer unha proba de regularidade no seu evento. A proposta foi aprobada pola asemblea á espera da proposta final do Papaya para incorporala no regulamento.

### **CG Trial:**

Debatese a proposta do delegado de trial:

Prohibir proteccións de horquilla (rixidas ou desmontables) que rebasen a botella, APROBADA.

Vestir a toda organización con chalecos aportados pola FGM, APROBADA.

Obritorio botón de paro (home á auga) en todas as categorías, incluídas clásicas, APROBADA.

Aplicar o código de vestimenta no protocolo ao acudir a podio. O secretario explica que xa está no regulamento, o que hai é que aplícalo, e se hai algún piloto que non acude a podio, hai que reflexalo nos informes da proba. Para que logo desde a FGM se poda actuar e retirarlle os puntos.

### **Inscripcións CG2025:**

Proposta de mc Saltamontes de pechar as inscricións das probas dos CG 7 días antes da celebración (en prazo). Aprobese a medida e establecense dous recargos. Peche: Domingo anterior (7 días) – 1º recargo: luns ás 00:01, 2º recargo: xoves ás 00:01.

O secretario presenta ao xestor de redes e comunicación á asemblea e pídelo que informe do traballo realizado. Ricardo Romero expón o traballo feito de comunicación no 2024.

Sen mais asuntos que tratar. Dáse por concluída a asemblea as 14:10 do 11 de xaneiro de 2025.

Vº Bº. Presidente FGM  
José Canda Rodríguez

Asdo. Secretario Xeral  
Mário Riveiro